

# Fringilla coelebs (Linnaeus, 1758)

	pimpín
	pinzón vulgar
	txonda arrunta
	pinsà comú
	common chaffinch
	tentilhão-comum



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIS

<b>Peso</b>	22 g
<b>Lonxitude</b>	14-16 cm
<b>Envergadura</b>	24,5-28,5 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Fringillidae	<i>Fringilla</i>

## ALIMENTACIÓN

Insectos, xemas, brotes, froitas carnosas, sementes, etc.

## COMPORTEMENTO

Esta ave ten unha forma peculiar de andar polo chan, como a saltos e dando traspés. En inverno, grandes cantidades de individuos acoden a zonas arboradas para pasar a noite. Nunha árbore ou arbusto, ambos sexos constrúen un coidadoso niño en forma de copa usando herbas e musgo e forrado de lá, pelo e plumas.

## REPRODUCCIÓN

Celo dende marzo. Unha posta anual de 4-5 ovos, brancos ou azulados, que son incubados polas femias durante 13-14 días. Os polos poden voar ás dúas semanas de nacer.

## HÁBITAT

Principalmente masas boscosas, tanto pechadas como abertas. Tamén zonas humanizadas.

## DISTRIBUCIÓN

En toda Europa e ata Siberia e o oeste de Mongolia. Tamén aparece en Canarias, Madeira e Azores, así coma no norte de África.

## CURIOSIDADES

Probablemente se trate do paxaro máis abundante de España. Durante a migración das poboacións do norte, adóitanse formar bandos do mesmo sexo, de aí o seu epíteto "*coelebs*", que significa célibe.

A forma predominante no territorio ibérico é *F. coelebs* "balearica".